

FORCAREI**A N U N C I O**

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente nº AC-38/10-1807, que se tramita neste Concello a instancia de ARCOS DE GRABA,S.L., para a **INSTALACIÓN DE PARQUE EÓLICO SINGULAR “CAMPO DAS CRUCES –FASE II”** no Campo das Cruces –Quintelas (Dúas Igrexias), neste termo municipal. Durante o prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte ó da última das publicacións deste edicto que se farán unha no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra e outra no Diario Oficial de Galicia (DOG), o expediente atópase a disposición do público nas oficinas municipais co fin de que, aquelas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Forcarei, a 9 de decembro de 2011. – A Tte. de Alcalde, Belén Cachafeiro Anta.

2011012189

A N U N C I O

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente nº AC-135/11-5047, que se tramita neste Concello a instancia de TROYBER SOUTELO, S.L., para a **INSTALACIÓN DE ÁREA DE LAVADO E ASPIRADO DE VEHÍCULOS** na Parcela nº 2 do Polígono Industrial de Vilapouca (Ventoxo), neste termo municipal. Durante o prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte ó da última das publicacións deste edicto que se farán unha no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra e outra no Diario Oficial de Galicia (DOG), o expediente atópase a disposición do público nas oficinas municipais co fin de que, aquelas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Forcarei, a 9 de decembro de 2011. – A Tte. de Alcalde, Belén Cachafeiro Anta.

2011012190

* * *

MOAÑA**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2011, adoptou acordo de aprobación definitiva de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, polo que, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do texto íntegro do artigo modificado na citada ordenanza:

ARTIGO 3º. EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

1. – Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.



- c) Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou doentes.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg., e que, pola súa construción, non poidan alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, equipararanse aos ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos -en réxime de titularidade ou cotitularidade- para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Presúmese que o vehículo é destinado a uso exclusivo de minusválido, no caso persoas con discapacidade, cando estas últimas consten como conductor/a habitual na póliza de seguro do vehículo e, no caso de vehículos destinados ao transporte de minusválidos, cando o Concello de Moaña así o declare, previo informe dos Servizos Sociais municipais, unha vez que, sendo titular ou co-titular do vehículo, concorran circunstancias que impidan a condución ao solicitante e se acredite o seu uso habitual.

As exencións previstas nos dous párrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis de un vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

Consideraranse afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 %:

- a. Os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez.
- b. Os pensionistas de Clases Pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.”

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012.

Moaña, a 2 de decembro de 2011.—O Alcalde, José Ferverza Costas.

2011012198

* * *

AS NEVES

E D I C T O

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 24 de Novembro de 2.011, o Padrón da Taxa por subministro domiciliario de auga correspondente o 3º Trimestre de 2.011, polo importe total 19.955,47 euros, establécese un periodo voluntario de cobranza dende o 1 de xaneiro ata o 1 de Marzo de 2.012, ámbolos dous inclusive. O vencemento do prazo en periodo voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demais conceptos exisibles, tal e como se fixa no artigo 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

O presente anuncio de cobranza ten carácter de notificación colectiva, de conformidade có establecido no artigo 102 da devandita Lei. Os interesados, no prazo dun mes dende a publicación deste acordo no BOP podrán presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

As Neves, a 7/12/2011.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

2011012077